



# PLAN DIGITAL

## CPI Castro Baxoi

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

<b>NOME DO CENTRO</b>	CPI Castro Baxoi
<b>DIRECCIÓN</b>	Rúa As Marismas, 25. 15630 Miño (A Coruña)
<b>ENDEREZO ELECTRÓNICO</b>	cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal
<b>TELÉFONO</b>	881880765
<b>PÁXINA WEB</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/">http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/</a>

**ETAPAS EDUCATIVAS:** O noso centro está autorizado para impartir as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria con dous grupos por nivel educativo.

Os seguintes datos están referidos ao momento de elaboración do presente documento.

**Nº de alumnado:** 562.

**Nº de unidades en funcionamento:**

- 6 unidades de Educación Infantil.
- 14 unidades de Educación Primaria (temos 3 unidades en 3º e 4º).
- 7 de ESO (3 en 1º ESO, 2 en 2º ESO e un grupo no resto de niveis).
- 1 unidade de Educación Especial.

**Nº de profesorado:** 51 docentes distribuídos do seguinte xeito:

- 8 mestras de Educación Infantil.
- 13 mestres de Educación Primaria.
- 2 mestres de Educación Física.
- 2 mestras de Inglés.
- 1 mestra de Música.
- 1 mestra de Francés.
- 3 mestras de Pedagogía Terapéutica.
- 1 mestra de Audición e Linguaxe.
- 1 mestra de Relixión.
- 1 orientadora pertence ao corpo de profesores de ensino secundario.
- 1 profesora de Bioloxía e Xeoloxía.
- 1 profesora de Educación Física.
- 1 profesor de Educación Plástica.

- 1 profesora de Física e Química.
- 1 profesora de Francés.
- 2 profesoras de Inglés.
- 2 profesores de Lingua Castelá.
- 1 profesor de Lingua Galega.
- 3 profesores de Matemáticas.
- 1 profesora de Música.
- 1 profesora de Relixión (compartida con outro centro).
- 1 profesora de Tecnoloxía.
- 2 profesoras de Xeografía e Historia.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### DESCRIPCIÓN E ANÁLISE DA CONTORNA

#### ENTORNO FÍSICO

O noso Centro Escolar está situado no núcleo urbano de Miño, preto dun entorno natural moi rico e singular, as marismas do río Baxoi, e moi cerca das praias da Ribeira e da Praia Grande de Miño. Recibe alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior, que forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro.

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.

#### CONCELLO DE MIÑO

##### ASPECTOS FÍSICOS

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co de Vilarmaior e ó oeste coa citada ría.

Cunha extensión de 34 km<sup>2</sup> ten unha densidade de poboación de 187 hab./km<sup>2</sup> e un crecemento vexetativo negativo de -6 (datos dos anos 2018 e 2017, respectivamente).

Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol.

Pertence á bisbarra das Mariñas. Báñao a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Callobre, Carantofña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia

Grande. Logo, a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. En fronte, unhas pequenas illas.

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de estilo oxival cun só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, o carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14º C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

## **ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS**

A economía era, tradicionalmente, de carácter agrario, gandeiro e forestal. Estas actividades económicas foron perdendo paulatinamente importancia en favor do sector servizos: turismo, sobre todo, e comercio.

Hoxe en día Miño conta con 63 afiliacións en alta laboral ao sector Gandeiro e pesqueiro. A industria forestal conta con 1200 ha. dedicadas a monte para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio. Outros sectores como o pesqueiro carecen de relevancia no conxunto da economía local. A actividade industrial non é moi importante. Dedícanse á actividade industrial e á construción arredor dun 25% da poboación.

Miño conta cun número importante de empresas (487), en relación á poboación, pero a maioría son empresarios autónomos (352). Só 7 empresas contan con máis de 10 asalariados, e 2 contan con máis de 20.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

O paro rexistrado, preto do 10%, vincúlase, sobre todo, ao sector servizos.

Pero sen dúbida un dos aspectos que caracterizan ao noso centro e que é preciso ter en conta á hora de deseñar calquera documento, é o alto número de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, que determinan en gran maneira a organización do mesmo e os nosos recursos.

## **CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL AO PROXECTO EDUCATIVO.**

O noso centro ten participado no proxecto Abalar e na actualidade está incluído no programa E-Dixgal en todos os niveis entre 5º de Educación Primaria e 4º de ESO. Ademais da participación nestes planes, o noso centro tivo como materia de libre disposición nos cursos de 4º e 6º de Educación Primaria a materia de Introducción a Robótica, que terá que desaparecer pola nova lexislación educativa.

Este documento contribuirá ao noso Proxecto Educativo pois existe unha evolución da nosa sociedade cara a un uso continuo das tecnoloxías da información e da comunicación polo que

non debemos mirar cara ao outro lado e non incluír este Plan Dixital no noso Proxecto Educativo.

## **CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO VINDEIRO CURSO 22/23**

Este Plan Dixital vai ter un lugar destacado nos documentos do noso centro, en particular na Programación Xeral Anual. Dentro do Plan Anual de Centro, este Plan Dixital terá a súa repercusión en tres das liñas de actuación como son: organización e funcionamento da vida académica, a formación do profesorado, innovación e experimentación e, fundamentalmente, na de tecnoloxías de la información e da comunicación. Os obxectivos que compoñen o Plan de Acción do apartado 3, formarán parte das devanditas liñas de actuación.

### **1.2. Breve xustificación do mesmo**

A elaboración deste Plan Dixital por parte do noso centro basease na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### **1.3. Proceso de elaboración**

A elaboración deste documento estivo incluída no PFPP do noso centro durante o curso 2021/2022.

O primeiro paso foi a elaboración do test SELFIE no que incluimos as preguntas que consideramos de máis importancia dentro da realidade do CPI Castro Baxoi.

O seguinte paso foi a realización do Test de Competencia Dixital Docente que foi recordado en varias ocasións por parte das persoas integrantes do Equipo de Dinamización do Plan Dixital tanto por correo electrónico como por la inclusión do recordatorio dentro do documento semanal elaborado no centro como programación da seguinte semana, a nosa coñecida “Folla do luns”.

Unha vez coñecida a realidade do noso centro, nas reunións correspondentes, fixemos o análise DAFO da realidade do CPI Castro Baxoi e posteriormente elaboramos o Plan de Acción establecendo uns obxectivos prioritarios cara ao vindeiro curso académico.

Finalmente, xuntamos toda esa información no presente documento.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A participación nos proxectos Abalar e E-Dixgal por parte do noso centro, permitiu que os recursos dispoñibles no mesmo sexan numerosos, aínda que nalgúns dos casos, o seu funcionamento está lonxe do desexado..

#### **CONECTIVIDADE**

Todas as nosas aulas teñen conectividade Wi-Fi a través da rede Abalar e conexión por cable dos equipos dos/as docentes. A biblioteca, a sala de profesores/as e as oficinas tamén teñen conexión por cable á rede. De feito, nalgúns destes espazos, a Wi-Fi non ten un funcionamento axeitado.

En canto á infraestrutura de voz, dispoñemos de 5 liñas: secretaría, xefatura de estudos, dirección, orientación e sala de titorías.

#### **EQUIPAMENTO DISPOÑIBLE**

Aulas E-Dixgal: 10

Aulas dixitalizadas: 22

Aulas parcialmente dixitalizadas (falta encerado dixital ou canón):5.

Xestión e administración: 5 equipos (2 de sobremesa e 3 portátiles).

Biblioteca: 2 equipos

Sala de profesorado e departamentos: 7 equipos.

Aula de Informática: non temos (suprimida pola pandemia).

Contamos con 4 carros con equipos ultraportátiles do proxecto Abalar pero o seu funcionamento non é apropiado.

Ademais do anterior, contamos con 15 equipos ultraportátiles para evitar a fenda dixital do alumnado.

#### **SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS**

Aínda que a nosa páxina web precisa dunha actualización e un mantemento, estamos a empregala como ferramenta de comunicación de información académica e administrativa no noso centro educativo.

O uso da aula virtual xa era algo previo á pandemia, pero despois da situación vivida o uso incrementouse dun xeito moi salientable.

O noso centro participa no proxecto E-Dixgal en todos os cursos nos que está autorizado en Galicia, polo que a plataforma E-Dixgal está a empregarse polo profesorado que imparte as materias dentro do proxecto.

Pola outra banda, a comunicación coas familias na maior parte dos casos é a través do espazo Abalar, empregando a maior parte das familias o Abalarmóbil.

A xestión do mantemento do equipamento do centro é a través da dinamizadora TICs e dunha empresa contratada para a realización do traballo. En ocasións, outro profesorado do centro pode resolver algunha incidencia puntual.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

- [Plan de continxencia](#)

- [Programación Xeral Anual](#) (Plan Anual).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar o análise DAFO do noso centro empregamos o autoavaliación SELFIE e o test de competencia dixital docente.

A información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada unha das etapas que temos no noso centro queda reflexado na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	3.1	3.1
	Profesorado	3.5	3.5
	Alumnado		
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	4	3.2
	Profesorado	3.1	3.1
	Alumnado	3.7	2.7
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3.9	3.5
	Profesorado	3.9	4
	Alumnado	4.2	4
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4.5	3.8
	Profesorado	3.7	3.8
	Alumnado		
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4.1	3.9
	Profesorado	4.1	4
	Alumnado		4.1
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.5	2.9
	Profesorado	3.9	3.2
	Alumnado	3.4	3.2
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3.6	2.9
	Profesorado	3.3	3.1
	Alumnado		3
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3.7	3.3
	Profesorado	3.5	3.4
	Alumnado	3.8	3.3

Pola outra banda, os resultados do test de competencia dixital docente reflectiron os seguintes datos respecto á participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	31	39	79.5%
<b>PROVISIONAL</b>	5	5	100%
<b>INTERINO</b>	0	5	0%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	6	16.7%
<b>OUTROS</b>	2	2	100%



Os resultados en canto á competencia dixital docente foron:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Esta competencia dixital, analizada en cada unha das etapas reflicten os seguintes resultados:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	77,7	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>PRI</b>	85,7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
<b>ESO</b>	85,9	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

E a distribución do profesorado por niveis sería:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A2</b>	11	28,2%
<b>B1</b>	16	41%
<b>B2</b>	10	25,6%
<b>C1</b>	2	5,1%
<b>TOTAL</b>	39	99,9%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, test de competencia dixital docente e o coñecemento do centro por parte das persoas integrantes do equipo encargado do Plan Dixital, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Infraestrutura dispositivos portátiles para o alumnado. Dispositivos dixitais para o seu uso no ensino. Acceso a internet. Asistencia técnica. Protección de datos. Repositorios en liña.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Espazos físicos.</li> </ul>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación coa comunidade educativa. Recursos educativos abertos. Fomento da creatividade. Inclusión do alumnado. Colaboración do alumnado. Avaliación das capacidades. Retroalimentación axeitada. Autorreflexión sobre a aprendizaxe.</li> <li>- Adaptación as necesidades do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxectos interdisciplinares. Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo. Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe. ATIC.</li> </ul>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Novas modalidades de ensino. Colaboracións. Necesidades de DPC. Participación no DPC. Intercambio de experiencias. Recursos educativos en liña. Creación de recursos dixitais. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe.</li> </ul>	
	<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe. Comportamento seguro. Comportamento responsable. Verificar a calidade da información. Recoñecer o traballo doutras persoas. Aprender a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Habilidades para diferentes materias. Aprender a codificar ou programar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Resolver problemas técnicos.</li> </ul>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da estratexia co profesorado. Novas modalidades de ensino. Avaliación do progreso. Asistencia técnica. Bibliotecas e repositorios en liña. Avaliación dixital. Fenda dixital: apoio para abordar dificultades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexia dixital.</li> </ul>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Infraestrutura dispositivos dixitais para o ensino. Acceso á internet. Asistencia técnica. Repositorio en liña.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Espazos físicos. Recursos humanos.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas sobre os dereitos de autor e licenzas de uso. Protección de datos.</li> </ul>	
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a codificar ou programar.</li> </ul>	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboracións.</li> </ul>	

### 3. Plan de Acción

Neste punto, é necesaria a elaboración dun Plan de Acción con algúns obxectivos para mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa do noso centro tendo en conta os recursos dispoñibles no momento da elaboración do Plan Dixital.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez rematado o análise DAFO, seleccionamos dous obxectivos para mellorar as nosas debilidades, establecendo dous para o alumnado, dous para o profesorado e outros dous para as familias ou representantes legais.

Segundo esta clasificación, establecemos os seguintes obxectivos para cada un dos grupos comentados anteriormente:

##### **ALUMNADO:**

- Familiarizar ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria cos equipos informáticos E-Dixgal para a realización de tarefas ou actividades de aprendizaxe/avaliación.
- Incrementar a autonomía do alumnado no relativo a resolver problemas técnicos sinxelos cos equipos informáticos E-Dixgal.

##### **PROFESORADO:**

- Fomentar entre o profesorado o traballo colaborativo e o ensino recíproco no relativo ao uso dos recursos dixitais empregados e o intercambio de prácticas docentes de éxito.
- Concienciar e fomentar ao profesorado acerca do uso correcto da atribución da propiedade intelectual nos recursos educativos empregados na aula.

##### **FAMILIAS OU REPRESENTANTES LEGAIS:**

- Informar ás familias do alumnado de 5º sobre o proxecto E-Dixgal e os cambios metodolóxicos, etc. que supón para o alumnado.
- Fomentar entre as familias a parentalidade dixital positiva e o benestar dixital familiar.

Para cada un dos obxectivos establecidos anteriormente, elaboramos unha táboa cos indicadores para cada un deles e as accións a desenvolver para acadalos.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- A situación de pandemia vivida nestes dous últimos anos fixo que tiveramos que adecuar os espazos ás necesidades do momento e o emprego de aulas específicas, como a de informática, como aula de referencia dun grupo de alumnos/as. Os equipos dos que dispoñiamos nese espazo que estaban en condicións de ser empregados, foron trasladados a outras dependencias nas que eran necesarios. Por todo o anterior, precisamos dun espazo e de equipos para volver a ter operativa a aula de informática. Os equipos ultraportátiles dos que dispoñemos para os niveis de Educación Infantil e de Educación Primaria ata 4º son antigos e non soportan o traballo con bastantes programas de interese para o profesorado.
- Equipos ultraportátiles para os niveis mencionados no parágrafo anterior para que o traballo do profesorado con este alumnado poda dar os seus máximos froitos.

## Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro. CPI CASTRO BAXOI – Miño

<b>“Área/s de mellora”: Competencia dixital do alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Familiarizar ao alumnado cos equipos informáticos E-Dixgal para a realización de tarefas ou actividades de aprendizaxe/avaliación.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado dos grupos de 5º e 6º.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	N.º de tarefas ou actividades de aprendizaxe/avaliación realizadas en soporte dixital.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 tarefas u actividades de aprendizaxe/avaliación en soporte dixital.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	60 % do alumnado de 5º e 6ª de E.P. é quen de realizar as tarefas ou actividades de aprendizaxe/avaliación que se lle requiren en soporte dixital.			30 de marzo de 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO1.1: Detección do nivel de competencia dixital do alumnado.	Profesorado de cada curso	30 de setembro de 2022	Ordenadores do alumnado Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2: Emprego progresivo na aula de actividades de aprendizaxe dixitais co obxectivo de incrementar a competencia dixital do alumnado.	Profesorado de cada curso	1º e 2º trimestres	Ordenadores do centro Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.3: Recollida de datos sobre o emprego de ferramentas dixitais no proceso de ensino /aprendizaxe na aula.	Profesorado de cada curso	30 de marzo de 2023	Ordenadores do alumnado Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro. CPI CASTRO BAXOI – Miño

<b>“Área/s de mellora”: Competencia dixital do alumnado da ESO</b>						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Incrementar a autonomía do alumnado no relativo a resolver problemas técnicos sinxelos cos equipos informáticos E-Dixgal				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro + coordinador TICs / profesor da materia de Programación, Tecnoloxía e Dixitalización, Educación Dixital e TICs				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de incidencias arranxadas de xeito autónomo					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 incidencias arranxadas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	75 % do alumnado da ESO é quen de arranxar incidencias técnicas sinxelas			30 de marzo de 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO2.1: Detección das incidencias técnicas mais frecuentes do alumnado cos seus equipos E-Dixgal	Profesorado titor de cada curso	30 de novembro de 2022	Ordenadores do alumnado Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2: Preparación de talleres de formación do alumnado (contidos a tratar e metodoloxía a empregar).	Coordinador TICs Profesor da materia de Programación, Tecnoloxía e Dixitalización, Educación Dixital e TICs	Fin do 1º trimestre	Ordenadores do centro Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.3: Posta en práctica de talleres en cada curso co obxectivo de incrementar a competencia dixital do alumnado no relativo á solución de incidencias técnicas.	Coordinador TICs Profesor da materia de Programación e TICs	2º trimestre	Ordenadores do alumnado Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro. CPI CASTRO BAXOI – Miño

<b>“Área/s de mellora”: Formación do profesorado</b>						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar entre o profesorado o traballo colaborativo e o ensino recíproco no relativo ao uso dos recursos dixitais empregados e o intercambio de prácticas docentes de éxito.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro + profesorado + admin. da A.V. do centro + coordinadora E-Dixgal				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de recursos dixitais compartidos entre compañeiros					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 recursos compartidos entre o profesorado					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50 % do profesorado comparte recursos propios despois da posta en marcha de 1 de taller de intercambio de experiencias.				30 de abril 2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO3.1: Convocatoria de reunión de etapas para recadar información e solicitar colaboración do profesorado.	Dirección do centro Coordinador / dinamizador TICs	Setembro 2022	Ordenadores do centro Conexión a internet Acta de reunión		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.2: Compilación de recursos empregados polo profesorado e detección de necesidades do mesmo a través de enquisa na A.V.	Coordinador / dinamizador TICs Admin. da A.V.	Outubro 2022	Ordenadores do centro Conexión a internet Recurso “enquisa” de Moodle na A.V.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.3: Reunión para selección e preparación do contidos do “taller” de intercambio de experiencias de prácticas docentes entre os profesores do centro	Coordinador / dinamizador TICs Coordinador de Formación do centro Profesorado do centro	Novembro 2022	Ordenadores do centro Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.4: Realización de actividade de formación estilo taller de intercambio de experiencias de prácticas docentes entre os profesores do centro.	Coordinador / dinamizador TICs Coordinador de Formación do centro Profesorado do centro	2º trimestre curso 2022/23	Ordenadores do alumnado Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.5: Creación dun apartado de formación permanente na A.V. do centro que funcione como repositorio de recursos e experiencias de éxito.	Profesorado Coordinador / dinamizador TICs Admin. da A.V.	2º trimestre curso 2022/23	Ordenadores do centro Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro. CPI CASTRO BAXOI – Miño

<b>“Área/s de mellora”: Formación do profesorado</b>						
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	Concienciar e formar ao profesorado acerca do uso correcto da atribución da propiedade intelectual nos recursos educativos empregados na aula.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de profesores que empregan correctamente recursos dixitais na aula no relativo á atribución da propiedade intelectual dos mesmos.					
<b>Valor de partida (3)</b>	10 % profesores empregan contidos educativos respectando a Lei de Propiedade Intelectual (LPI)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100 % dos profesores empregan contidos educativos respectando a Lei de Propiedade Intelectual (LPI)			30 de marzo de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO4.1: Elaboración de enquisa de detección de debilidades no relativo ao coñecemento da Lei de Propiedade Intelectual e á atribución da mesma nos recursos educativos empregados na práctica docente.	Dirección do centro Coordinador / dinamizador TICS	30 de setembro de 2022	Ordenadores do centro Conexión a internet Enquisa na plataforma Moodle		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO4.2: Solicitud e creación dun PFPP relativo á atribución da propiedade intelectual nos recursos educativos empregados na aula.	Dirección do centro Coordinador / dinamizador TICS Asesoría CAFI/CFR Persoa coordinadora do PFPP	30 de outubro de 2022	Solicitud formal ao CFR		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO4.3: Búsqueda de relator experto en formación dixital e propiedade intelectual.	Asesoría CAFI/CFR Persoa coordinadora do PFPP	30 de outubro de 2022			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO4.4: Realización de curso “Propiedade intelectual e recursos educativos na aula”	Persoa coordinadora do PFPP Relator externo	30 de abril de 2023	Ordenadores do centro Conexión a internet Curso de formación		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Táboa 5: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro. CPI CASTRO BAXOI – Miño

<b>“Área/s de mellora”: Formación dixital das familias</b>							
<b>5. OBXECTIVO (1):</b>	Informar ás familias do alumnado de 5º sobre o proxecto E-Dixgal e os cambios metodolóxicos, etc. que supón para o alumnado.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado titor dos grupos + Coordinador E-Dixgal					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de familias participantes						
<b>Valor de partida (3)</b>	0 reunións coas familias						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Organización de 1 reunión de nais/pais.				30 de maio de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
AO5.1: Convocatoria de reunión inicial para presentar o proxecto E- Dixgal e os equipos do alumnado e para explicar as condicións do seu uso.	Profesores titores dos grupos Coordinador E.Dixgal	30 de setembro de 2022	Ordenadores do centro Conexión a internet Acta de reunión		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
AO5.2: Reunión de seguimento, valoración ou aclaración de dúbidas.	Profesores titores dos grupos	2º trimestre ou cando se requira.	Acta de reunión		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		



## Táboa 6: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro. CPI CASTRO BAXOI – Miño

<b>“Área/s de mellora”: Formación dixital das familias</b>						
<b>6. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar entre as familias a parentalidade dixital positiva e o benestar dixital familiar.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro + Coordinador / dinamizador TICs				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de familias participantes					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 cursos sobre uso novas tecnoloxías creados para as familias					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Organización de 1 taller de “Parentalidade dixital positiva e o benestar dixital familiar”			30 de maio de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO6.1: Elaboración e envío de cuestionario ás familias para detección de necesidades e inquiredanzas no relativo aos usos das tecnoloxías da información e da comunicación por parte do alumnado..	Dirección do centro Coordinador / dinamizador TICs	30 de outubro de 2022.	Ordenadores do centro Conexión a internet Fotocopiadora		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO6.2: Reunión coa ANPA do centro para establecer liñas de colaboración na realización desta actividade de formación.	Dirección do centro Coordinador / dinamizador TICs ANPA do centro	30 de novembro de 2022.	Acta de reunión		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO6.3: Búsqueda de relator experto en formación dixital	Dirección do centro Coordinador / dinamizador TICs	30 de novembro de 2022.			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO6.4: Reunión para selección e preparación do contidos do “taller de parentalidade dixital positiva” para familias.	Dirección do centro Coordinador / dinamizador TICs Relator externo	22 de decembro de 2022.	Ordenadores do centro Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO6.5: Realización do “Taller de parentalidade dixital positiva e benestar dixital familiar”	Relator externo	2º trimestre curso 2022/23.	Ordenadores do centro Canón Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## **4. Avaliación do plan**

Como en todo plan, establecemos un procedemento de avaliación do mesmo distinguindo dous apartados, un para unha avaliación procesual e outro para a avaliación final.

### **AVALIACIÓN PROCESUAL**

Faremos tres ao longo do curso, unha ao inicio do segundo trimestre escolar, outra ao inicio do terceiro trimestre e a última, durante o mes de xuño. En cada unha delas faremos un seguimento de cada unha das accións dos obxectivos previstas para o trimestre anterior. Valoraremos o estado de execución das accións, o análise e a valoración dos resultados e, se é necesario, a modificación dalgunha das accións pendentes e elaboraremos propostas de mellora para as xa rematadas.

### **AVALIACIÓN FINAL**

Coincidindo coa segunda avaliación procesual, tamén faremos unha avaliación final dos obxectivos nos que teñamos rematadas as accións previstas para eles.

Durante o mes de xuño, realizaremos a segunda avaliación final na que faremos unha valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora cara ao seguinte curso académico.

## **5. Difusión do plan**

A publicación deste documento na web do noso centro educativo e a comunicación ás familias do lugar no que poden atopalo a través das diferentes reunións de inicio de curso e do espazo Abalar, serán as formas de difusión do mesmo. En calquera caso, existirá copia deste documento na secretaría do centro a disposición de toda aquela persoa interesada en coñecer o seu contido.